

ANÁLISE ECONÓMICA • 73

Melchor Fernández Fernández

Universidade de Santiago de Compostela

Diana Fernández Méndez

Universidade de Santiago de Compostela

Dolores Riveiro García

Universidade de Santiago de Compostela

DECEMBRO 2021

**A PERCEPCIÓN DOS RESIDENTES DO IMPACTO
SOCIOECONÓMICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO VÍA DA PRATA**

EDITOR ÁREA ANÁLISE ECONÓMICA

Manuel Fernández Grela

Dpto. de Fundamentos de Análise Económica

CONSELLO EDITOR

Joam Carmona Badía

Dpto. Historia e Institucións Económicas.

Melchor Fernández Fernández

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

Lourenzo Fernández Prieto

Dpto. Historia Contemporánea e América.

Rubén C. Lois González

Dpto. Xeografía.

Maria L. Loureiro García

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

Ángel Miramontes Carballada

Dpto. Xeografía.

Maria do Mar Pérez Fra

Dpto. Economía Aplicada.

M^a Ángeles Piñeiro Antelo

Dpto. Xeografía.

Maria Dolores Riveiro García

Dpto. Fundamentos da Análise Económica.

Edita: IDEGA

ISSN: 1138-0713

D.L.G.: C-487-2021

A percepción dos residentes do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago Vía da Prata*

Melchor Fernández Fernández
Diana Fernández Méndez
Dolores Riveiro García¹

RESUMO:

O obxectivo deste traballo é analizar a percepción dos residentes sobre o impacto que xera o Camiño de Santiago nos seus concellos. Tomando dous concellos representativos do tramo galego da ruta xacobea Vía da Prata, Laza e San Cristobo de Cea, e a partir da información cuantitativa obtida nunha enquisa realizada aos residentes, que usa a teoría do intercambio social, no traballo analízase a percepción dos efectos, positivos e negativos, respecto aos diferentes ámbitos do impacto, sociocultural, económico e ambiental, así como a nivel global. A percepción sobre o impacto demográfico e a percepción de saturación reciben unha especial atención, ao igual que a actitude dos residentes cara o Camiño e a afluencia de peregrinos. Os resultados mostran que, moi maioritariamente, os residentes de ambos concellos teñen unha percepción positiva, tanto en termos do impacto global como para as distintas dimensións analizadas; se ben, non perciben que afecte á dinámica demográfica destes concellos. Os resultados tamén indican que non hai percepción de saturación turística, en ningún dos dous casos, e unha actitude dos residentes cara ao Camiño moi favorable. A análise de independencia mostra que a percepción de impacto é máis positiva para os individuos cuxos ingresos se derivan de actividades vinculadas ao turismo, pero que non hai unha diferenza de percepción estatisticamente significativa para os residentes de distintos tramos de idade. As conclusións do traballo contribúen á formulación de estratexias orientadas ao desenvolvemento desta ruta e á sostibilidade do Camiño de Santiago.

Palabras clave: Camiño de Santiago, Vía da Prata, percepción residentes, impacto socioeconómico.

Clasificación JEL: L83

*Este traballo beneficiouse do financiamento procedente do Programa de *Axudas para a Consolidación e Estructuración de Unidades de Investigación Competitivas* do Sistema Universitario Galego, Xunta de Galicia, na modalidade de Grupos de Referencia Competitiva (ED431C 2021/36) e do Convenio de Colaboración entre o Consello Económico e Social de Galicia e a Deputación de Ourense coa Universidade de Santiago de Compostela.

¹ GAME-IDEGA/ Departamento de Fundamentos da Análise Económica/ Universidade de Santiago de Compostela. Avenida das Ciencias, Chalet nº 1. Campus Vida, USC. 15782 Santiago de Compostela (España).

ABSTRACT:

The aim of this paper is to analyse the residents' perception about the impact of the Camino de Santiago on their municipalities. Taking two municipalities representative of the Galician section of the Jacobean route Vía de la Plata, Laza and San Cristovo de Cea, and based on the quantitative information obtained from a survey of residents, which uses the theory of social exchange, the paper analyses the perception of positive and negative effects of the different impacts, sociocultural, economic and environmental, as well as in global terms. The demographic impact and tourist saturation perceptions receive special attention, as well as the residents' attitude towards the Camino and the flow of pilgrims. The results show that, for the most part, residents from both municipalities have a positive perception, both in terms of the overall impact and for the different analysed dimensions, although they do not perceive that the Camino affects the demographic dynamics of these municipalities. The results also show that there is no perception of tourist saturation in either case and a very favourable attitude of the residents towards the Camino. The independence analysis shows that the impact perception is more positive for individuals whose income is derived from tourism-related activities, but that there is no statistically significant difference in perception for residents of different age groups. The conclusions of the work contribute to the formulation of strategies aimed at the development of this way and to the sustainability of the Camino de Santiago.

Keywords: St James Way, residents' perception, socioeconomic impact

JEL Classification: L83

1. INTRODUCCIÓN

O Camiño de Santiago é, non só na súa orixe senón aínda hoxe, unha ruta de espiritualidade. Dende as orixes máis netamente “relixiosas”, o Camiño foise convertendo nunha vía de encontro persoal, nunha realidade cultural e artística que debe ser, e case sempre é, protexida. Os recoñecementos, en 1993, como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e como Gran Itinerario Cultural Europeo, en 2004, acreditan a súa relevancia. Pero na súa evolución, o Camiño tense convertido, tamén, nun fenómeno económico que xera rendas e empregos, contribuíndo á dinamización e o desenvolvemento dos territorios polos que descorre (Fernández et al., 2018). Esta vertente do Camiño como “recurso turístico”, promocionado e comercializado por institucións públicas e por entidades privadas, ademais dos potenciais efectos económicos, xera efectos, tanto positivos como negativos, nos ámbitos social, cultural, demográfico ou medioambiental, que de forma directa e indirecta inflúen na calidade de vida dos residentes, tal como mostra a literatura sobre os diferentes ámbitos de impacto das actividades turísticas para as poboacións residentes (Brida et al., 2014; Deery et al., 2012; Vargas-Sánchez et al., 2011; Andereck et al., 2005; Easterling, 2004; Gursoy et al., 2002; Tosun, 2002; Mathieson e Wall, 1982). Asumindo que, en canto “actividade turística”, a existencia do Camiño e a afluencia de peregrinos xera impactos socioeconómicos, culturais e medioambientais nos territorios polos que discorre, a comprensión e cuantificación destes impactos é determinante para poder facer unha planificación e unha toma de decisións ben informadas sobre o desenvolvemento do Camiño de Santiago. Pero, por outra parte, e tendo en conta que un dos elementos determinantes do éxito e da sustentabilidade das actividades turísticas é a actitude e o apoio da poboación residente a esas actividades (Lee 2013; Nicholas et al. 2009; Vargas-Sánchez et al., 2009; Aguiló e Roselló, 2005; Jurowski e Gursoy, 2004; Andriotis e Vaughan, 2003; Gursoy et al., 2002; Sheldon e Abenoja, 2001; Garrod e Fyall, 1998; Ap, 1992), para garantir un desenvolvemento sostible do Camiño é, cando menos, tan relevante a percepción que dos ditos impactos ten os residentes deses territorios porque, entre outras consideracións, esa percepción vai determinar a súa actitude ante o Camiño e ante os plans de desenvolvemento e de promoción no futuro.

A literatura sobre o turismo conclúe, baseándose na *Teoría do Intercambio Social*, que a actitude positiva ou negativa da poboación local cara ao turismo e o seu apoio ao desenvolvemento turístico depende da percepción que ten dos seus impactos (Gursoy e Rutherford, 2004). Segundo esta teoría, os residentes avalían os beneficios e os custes

derivados das actividades turística e, canto máis positivo sexa o balance, máis favorable será a súa actitude (Pizam, 1978; Ap, 1990; Allen et al., 1993; Jurowski et al., 1997; Gursoy et al., 2002; Sharpley, 2014). Os residentes teñen en conta os diferentes ámbitos do impacto, pero é a percepción de beneficio económico, en termos de actividade e emprego, a que máis determina a actitude positiva cara ás actividades turísticas (Fernández et al., 2021; Rasoolimanesh et al., 2015; Abdollahzadeh e Sharifzadeh, 2014; Castillo et al., 2012; Díaz e Gutiérrez, 2010; Gursoy et al., 2009; Akis et al., 1996; Perdue et al., 1990).

En 2019, o número de peregrinos que acudiron á Oficina do Peregrino² foi de 347.578, o que supuxo un 6.2% máis que no ano anterior e o maior número de camiñantes xamais rexistrado. Pero a dinámica das diferentes variantes do Camiño que chegan a Compostela foi desigual. Mentres que o Camiño Portugués mostrou un gran dinamismo nos últimos anos e gañou peso relativo, o Camiño Francés, aínda que se mantivo como o máis transitado, mostrou un peso relativo decrecente. Pola súa parte, a dinámica da Vía da Prata non foi positiva. Esta ruta representou o 2,65% dos peregrinos no 2019, cando no último ano Santo, no 2010, o seu peso relativo fora do 5,2%.

Coa pandemia de COVID-19, a peregrinación a Compostela detívose, como ocorreu con todas as actividades que implican mobilidade e socialización. A evolución futura do Camiño e a afluencia de peregrinos, recuperada a mobilidade, vai a depender, por unha parte, de como evolucionen os datos sanitarios no mundo e, tamén, do atractivo do Camiño fronte a outros destinos, que é o que determina, entre outros factores, a demanda relativa. A ese respecto, o crecemento continuado na chegada de peregrinos nos anos anteriores á pandemia e a rápida recuperación de fluxos en canto estiveron permitidos, o que xa foi un feito no ano 2021, parece que aseguran un resultado de éxito. Por outra parte, o futuro da Ruta Xacobeá tamén vai depender das medidas que se tomen para favorecer a chegada de peregrinos, tanto no ámbito da seguridade sanitaria como no da provisión de servizos ou as políticas de promoción. Pero os resultados non van ser iguais para os diferentes camiños, como non o ten sido ata o de agora, dependendo, en parte, das particularidades (características obxectivables e reputacionais) de cada ruta, pero tamén das medidas ou as políticas concretas de promoción que se tomen para cada ruta e, dunha

² Son maioría os peregrinos que acoden a esta oficina para obter a *Compostela*, unha certificación expedida pola Catedral de Santiago que acredita a peregrinación cumprindo uns requisitos básicos, entre eles, ter percorrido polo menos 100 quilómetros por calquera das Rutas Xacobeas e acreditar que se ten percorrido esa distancia selando a Credencial do peregrino dúas veces por día nos últimos 100 quilómetros.

maneira importante, da actitude dos residentes de cada ruta cara ao Camiño e a presenza de peregrinos. Esta actitude depende sobre todo, como foi comentado anteriormente, da percepción de impacto.

Neste contexto, o obxectivo deste traballo é analizar a percepción que teñen os residentes da ruta Xacobeá Vía da Prata da existencia do Camiño de Santiago e da afluencia de peregrinos. Con ese propósito, seleccionáronse dous concellos representativos desta ruta Xacobeá no seu tramo galego, *Laza* e *San Cristovo de Cea*.

A información para a análise de percepción obtívose dunha enquisa de valoración e satisfacción realizada aos residentes destes concellos en relación aos efectos, positivos e negativos, percibidos nos diferentes ámbitos (económico, sociocultural e medioambiental), así como a percepción de impacto global e a actitude dos residentes cara ao Camiño e a presenza de peregrinos. Pola súa relevancia, na enquisa pregúntase particularmente pola percepción de impacto demográfico, un aspecto a ter moi en conta en concellos que, como na maioría dos do interior de Galicia, están a perder poboación. Por outra parte, pregúntase sobre a percepción de saturación, un aspecto considerado de forma crecente en calquera estudo sobre actividades turísticas, e que pode influír moi negativamente na valoración global e na actitude, debido aos problemas da masificación e a conxestión asociados (Andereck et al., 2005; Liu e Var, 1986).

Os resultados mostran que, de forma moi maioritaria, os residentes de ambos concellos perciben efectos positivos nas dimensións económica, sociocultural e medioambiental, e, tamén, a nivel global. Tamén en ambos concellos, a actitude dos residentes cara ao Camiño e a presenza de peregrinos é moi favorable. En canto ao impacto demográfico, en ningún dos dous concellos se percibe un efecto positivo do Camiño. Tampouco os residentes teñen percepción, en ningún dos dous concellos, de saturación, considerando moi maioritariamente que non hai demasiados peregrinos en ningún dos meses do ano. En xeral, as percepcións son independentes da idade dos residentes, pero son máis positivas para aqueles residentes que teñen ingresos derivados de actividades vinculadas ao turismo.


A partir desta introdución, o traballo estrutúrase como segue. No apartado dous descríbense as principais características dos concellos obxecto do estudo e a evolución na afluencia de peregrinos nos últimos anos. No apartado tres, explícase a estrutura da enquisa e a metodoloxía da análise. No apartado catro, preséntanse e discútese os resultados e, finalmente, o apartado cinco resume as principais conclusións.

2. MARCO PARA A ANÁLISE: ÁMBITO XEOGRÁFICO E FLUXO DE PEREGRINOS

2.1. Ámbito xeográfico

A ruta Xacobeá Vía da Prata ou Camiño Mozárabe,³ que une o sur da península ibérica con Santiago de Compostela, presenta dúas variantes, unha que enlaza co Camiño Francés en Astorga e outra que, pasando por Puebla de Sanabria (de aí que esta variante se coñeza como “Camiño Sanabrés”), entra en Galicia por A Mezquita. Pola súa parte, o Camiño Sanabrés presenta tamén dúas variantes dende A Gudiña, que se unen pouco antes de chegar a Ourense á que pasa por Verín, onde empalma co Camiño Portugués que ven por Chaves e a que pasa por Laza (Mapa 1).

Mapa 1. O Camiño de Santiago en Galicia. A Vía da Prata - Camiño Mozárabe



Fonte: Asociación Cultural Amigos Camiño Mozárabe-Vía da plata Ourense

A Vía da Prata é a variante do Camiño de Santiago con maior percorrido en Galicia, máis de 300 Kms, e discorre por 35 concellos das provincias de A Coruña, Pontevedra e Ourense, a maioría dun marcado carácter rural (o 85,7% dos concellos deste Camiño son definidos como rurais de baixa poboación).⁴

³ Esta é a denominación oficial que lle dá Turismo (Xunta de Galicia) (<https://www.caminodesantiago.gal/es/planifica/las-rutas/via-de-la-plata>). Tamén é coñecida como Camiño do Sueste, Camiño Meridional ou Camiño Sanabrés.

⁴ Ver IGE, *Clasificación de las parroquias y de los municipios gallegos según el grado de urbanización* (GU 2016). http://www.ige.eu/web/mostrar_pagina.jsp?paxina=003003001&idioma=es

Para calquera actividade turística, a percepción de impacto, positivo e negativo, aumenta cos niveis de turismo (Long et al., 1990). Como parece razoable, tamén no caso do Camiño, os impactos, reais e percibidos, serán maiores canto maior sexa a afluencia de peregrinos. Sendo así, para realizar o estudo sobre o impacto percibido polos residentes das localidades polas que descorre esta variante do Camiño, seleccionáronse dous concellos tendo en conta esa circunstancia. Así, tomamos un concello antes de Ourense, Laza, e outro despois de Ourense, San Cristovo de Cea. Cabe esperar que a partir de Ourense a presenza de peregrinos sexa maior, por varios motivos. Por unha parte, pouco antes de Ourense (a 11 Km, en Pereiras) conflúen as dúas variantes do Camiño Sanabrés (unha das cales recolle ademais aos poucos peregrinos que fan a ruta interior do Camiño Portugués). Por outra parte, o tramo dende Ourense a Santiago correspóndese cos 100 Kms que, como mínimo, deben percorrer os peregrinos para ser merecedores da *Compostela* que acredita a súa peregrinación. Esta circunstancia, xunto co feito de que Ourense ten unha boa comunicación ferroviaria co resto de España, debería convertelo nun conveniente punto de orixe da peregrinación. Polo tanto, podemos asumir que moi poucos peregrinos dos que chegan a Compostela por esta vía inicien o percorrido despois de Ourense, de maneira que por Cea pasarían o máximo número de peregrinos que fan este Camiño.

Se ben ambos son concellos rurais pouco poboados e cun marcado declive demográfico (nos últimos vinte anos Laza perdeu o 38% e Cea o 35% da súa poboación), presentan diferenzas en canto a volume e densidade de poboación, situación xeográfica e distancia á capital da provincia (Táboa 1), podendo ser representativos das diferentes realidades que se dan entre os concellos deste Camiño, aínda que se trate, en case todos os casos, de concellos do ámbito rural do interior de Galicia, moi envellecidos, cun importante peso da poboación vinculada por segunda residencia e unha nula relevancia en termos poboacionais da actividade turística.⁵

⁵ A oferta aloxativa redúcese a pensións e albergues. Ningún dos concellos conta con prazas en Hoteis ou en aloxamentos de Turismo Rural. As prazas nos albergues públicos do Xacobeo supoñen o 61% do total de prazas en Laza e o 40% en San Cristovo de Cea.

Táboa 1. Caracterización Sociodemográfica dos concellos

CONCELLO	Poboación 2020	Densidade de poboación 2020	Índice autoctonía municipal 2020	Idade media da poboación 2020	Índice de envellecemento da poboación 2020	Crec-Pob 2001-20	Carga Poboación Segunda-Resi 2019	Carga Poboación por Turismo 2019	Distancia Nucleo de 10.000 Habitantes
Laza	1223	5,7	78,7	56,5	43,6%	-37,8%	5,90%	0,00%	25 minutos
San Cristovo	2089	22,1	65,9	55,9	41,1%	-34,7%	3,07%	0,11%	17 minutos

Notas: O Índice de Autoctonía defínese como a proporción da poboación que reside no mesmo municipio no que naceu.

Fonte: Elaboración propia a partir dos indicadores do Atlas Estadístico de las Áreas Urbanas do Ministerio de Transportes, da Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia do IGE, da información do Nomenclátor: Población del Padrón Continuo por Unidad Poblacional do INE e da cartografía da empresa Navteq.

2.2. Evolución do fluxo de peregrinos

O número de peregrinos que acudiron a Oficina do Peregrino aumentou notablemente nos últimos anos, pasando de 179.944 no Ano Santo de 2004, a 272.135 no Ano Santo de 2010, anos nos que se producían as maiores chegadas de peregrinos, e 347.578 no 2019 (un incremento do 27,7% respecto ao último Ano Santo). Pero, a evolución foi desigual, tanto por nacionalidades (van gañando peso relativo os peregrinos estranxeiros) como para as diferentes rutas. En particular, o Camiño Francés e o Portugués, que suman máis do 80% dos peregrinos, seguiron sendas opostas: mentres o Camiño Francés, aínda que segue a ser o de maior número de peregrinos, foi perdendo peso relativo (pasando de representar o 84,5% no 2005 a un 69,5% no 2010 e un 54,6% no 2019), o Camiño Portugués pasou de representar un 5,8% no 2005, a un 12,5% no 2010 e a un 27,2% no 2019. Entre as rutas “minoritarias”, a Vía da Prata mostrou unha dinámica negativa. O seu peso no total, pasou do 3,3% en 2005, a un 5,2% en 2010 e 2,6% en 2019. O número de peregrinos que o percorren, foron 9.201 en 2019, os mesmos que no Ano santo de 2004, pero un 35% menos que no Ano Santo de 2010.

Segundo os datos da Oficina do Peregrino, no 2019, o 58% dos peregrinos que transitaron a Vía de Prata tiñan nacionalidade española (porcentaxe que é do 46% no Francés e sobre o 30% no Portugués). O 17,5% dos peregrinos da Vía da Prata tiñan máis de 65 anos (porcentaxe que baixa a pouco máis do 10% no Francés ou no Portugués).

A caída drástica no fluxo de peregrinos no 2020, como consecuencia da pandemia de COVID-19, tampouco afectou por igual ás diferentes rutas. Os peregrinos que chegaron pola Vía da Prata foron un 88% menos que no ano anterior, mentres que esa diminución foi do 75% no caso do Francés e do 80% no Portugués.

3. METODOLOXÍA E DATOS

Os datos primarios para a análise da percepción dos residentes obtivéronse a partir dunha enquisa de satisfacción realizada aos residentes de 18 e máis anos dos concellos de Laza e San Cristovo de Cea. Aínda que se enquisou a residentes das diferentes parroquias dos concellos, a maioría das enquisas foron realizadas na capital destes concellos, dada a maior facilidade para encontrar á poboación en espazos públicos nestas localidades. En todos os casos, as enquisas foron feitas persoalmente por unha enquisadora formada para esta labor. O datos técnicos mais salientables están recollidos no cadro 1.

3.1. Poboación e mostra

O universo obxecto de estudo é a poboación maior de idade residente nos Concellos de Laza e San Cristovo de Cea, tanto habitual como flotante (residentes de fin de semana e durante períodos de vacacións). En cada caso, para o cálculo do tamaño da mostra⁶ pártese dos datos do Padrón Municipal de Habitantes do ano 2018, publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), e tómase a poboación entre 18 e 75 anos.⁷ A mostraxe realizada é aleatoria estratificada segundo os grandes grupos de idade. Para a afixación da mostra tómase o criterio proporcional, é dicir, o reparto dos elementos entre os estratos da mostra na mesma proporción na que se presentan na poboación obxecto de estudo.

Ao non dispor de información previa, a estimación do tamaño da mostra realízase tomando $p=q=0,5$ dado que ditos valores maximizan o tamaño da mostra e aseguran a súa representatividade. Establécese un nivel de confianza do 95% e unha marxe de erro do 6,5%. En base a todo o exposto, o tamaño da mostra para Laza ascende a 181 e no caso de Cea a 198.

A comparación entre a mostra realizada, segundo os datos dos cuestionarios, e a mostra que foi deseñada para garantir a súa representatividade, en relación á variable “idade”, está recollida no cadro 2, (entre parénteses inclúese a porcentaxe de enquisas obtidas para cada estrato respecto ao obxectivo inicial en cada caso).

⁶ Tamaño da mostra (poboacións finitas): $n = \frac{Z^2 \cdot N \cdot p \cdot q}{E^2 \cdot (N-1) + Z^2 \cdot p \cdot q}$

⁷ Para o cálculo da mostra elimínouse a poboación maior de 75 anos pola maior dificultade para localizar a estas persoas nun espazo público (maior prevaenza de problemas de saúde e dependencia) e a menor propensión de resposta nese tramo de idade.

Cadro 1. Ficha da enquisa

Ámbito xeográfico	Concellos de Laza e San Cristovo de Cea	
Universo	Poboación entre 18 e 75 anos residente no concello segundo o Padrón (xaneiro 2018)	
Tamaño da poboación	Laza: 892	
	Cea: 1513	
Procedemento da mostra	Para cada un dos concellos, a mostra foi estratificada segundo grupos de idade. Cálculo proporcional.	
Tamaño da mostra	Tamaño deseñado	Laza: 181
		Cea: 198
	Tamaño realizado	Laza: 107
		Cea: 151
Erro da mostra	Deseñada	Laza: 6,5%
		Cea: 6,5%
	Realizada	Laza: 8,89%
		Cea: 7,57%
Traballo de campo	Aleatoria, realizada seguindo o procedemento da mostraxe	
Tipo de entrevista	Persoal, realizada por unha enquisadora formada	
Datas de realización	Ao longo do mes de novembro de 2019	

No caso de **Laza**, da mostra inicialmente calculada de 181 enquisas, finalmente obtivéronse 107, é dicir, en torno ao 60% do obxectivo inicial. Tendo en conta o número final de enquisas realizadas, o erro máximo de mostraxe⁸ ascende ao 8,89%. Para **Cea**, o número de enquisas finalmente realizadas foi de 151, un 76% da mostra deseñada. En base ao número final de enquisas realizadas, o erro máximo de mostraxe ascende neste caso ao 7,57%.

A dificultade para conseguir residentes dispostos a contestar á enquisa foi moi alta en ambos concellos, pero especialmente en Laza. Neste concello, en moitos dos días do mes de novembro no que se fixo o traballo de campo, o difícil xa non era encontrar a residentes dispostos a responder senón encontrar residentes en xeral.⁹

⁸ Erro máximo de mostraxe (poboacións finitas): $E_{max} = Z \cdot \sqrt{\frac{p \cdot q}{n} \cdot \frac{(N-n)}{(N-1)}}$


⁹ O núcleo de poboación principal do concello de Laza conta só con 333 residentes e o de San Cristovo de Cea con 568, o que é unha dificultade engadida para poder acadar un número suficiente de entrevistados.

Cadro 2. Mostra deseñada e realizada

		Mostra deseñada		Mostra realizada	
		Laza	Cea	Laza	Cea
Grupo de idade	18 – 39	44	43	27 (61,4%)	37 (86,0%)
	40 – 64	81	97	34 (42,0%)	80 (82,5%)
	≥ 65	56	58	46 (82,1%)	34 (58,6%)
Total		181	198	107 (59,2%)	151 (76,3%)

En canto á distribución da mostra por grupos de idade (gráfico 1), para o concello de Laza, o grupo de poboación de 18 a 39 anos ten un peso similar ao do deseño da mostra e da poboación (24%), o grupo de 40 a 64 anos está infra-representado (32% fronte a 45%) e o de poboación maior está sobre-representado (43% fronte a 31%).

Gráfico 1. Distribución da mostra realizada por grupos de idade



No caso de Cea, na mostra realizada o peso dos distintos grupos de idade é máis similar aos do deseño da mostra e da poboación. O grupo de 18 a 39 anos está lixeiramente sobre-representado (25% fronte a 22%) ao igual que o grupo de 40 a 64 anos (53% fronte a 49%); mentres que o grupo de poboación maior está algo infra-representado (23% fronte a 29%).

3.2. Cuestionario

O cuestionario foi deseñado para recoller a percepción dos residentes respecto aos impactos, tanto positivos como negativos, nas dimensións económica, sociocultural e medioambiental, así como a percepción xeral sobre a repercusión que estes impactos ten no desenvolvemento do concello e no propio nivel de benestar do residente. Ademais, tratouse de obter a información necesaria para identificar si existe relación entre esas percepcións e os potenciais determinantes, como a percepción de saturación ou a

intensidade do contacto cos peregrinos, así como varias características socio-demográficas dos individuos, en particular, a idade e a relación da fonte principal de ingresos coa existencia do Camiño.¹⁰

Antes do deseño definitivo da enquisa, realizáronse sendas entrevistas en profundidade aos alcaldes dos dous concellos estudados e realizouse unha enquisa piloto, o que permitiu optimizar o deseño da enquisa definitiva, que figura no Anexo I.

Na súa versión definitiva, o cuestionario está dividido en tres seccións e inclúe os ítem que son habituais na literatura sobre percepción de residentes á que se fai referencia na introdución. Na primeira sección, dividida en catro bloques, pregúntase sobre a percepción que os residentes teñen dos impactos do camiño, pedindo aos enquisados que sinalen o seu nivel de acordo con cada unha das afirmacións, usando unha escala tipo Likert de 5 puntos. Os tres primeiros bloques tratan sobre a percepción do impacto nas súas dimensións económica, sociocultural e ambiental; mentres que o bloque catro pregunta sobre a percepción global, tendo en conta os diferentes aspectos.

O primeiro bloque, dedicado aos impactos económicos, inclúe 11 afirmacións sobre á percepción de beneficios, para os ingresos, a actividade económica (turística e non turística), o emprego e a percepción de custes, como os derivados do potencial incremento dos prezos ou do impacto negativo sobre as actividades non turísticas. O segundo bloque inclúe 10 afirmacións sobre á percepción dos impactos sociais e culturais, facendo referencia aos potenciais efectos do Camiño para a dotación e o acceso a diferentes servizos. Tamén neste bloque, se pregunta polo impacto demográfico, aspecto moi relevante para calquera destes concellos, e pola actitude dos residentes fronte ao Camiño e a afluencia de peregrinos. Sobre o impacto medioambiental, no bloque tres fanse seis preguntas sobre a percepción dos residentes en termos dos efectos do Camiño para a contorna natural, a paisaxe, a dotación de infraestruturas, a xeración de residuos ou os niveis de contaminación; incluíndo unha cuestión sobre a percepción de saturación. No cuarto bloque, que inclúe catro afirmacións sobre a percepción do impacto global do camiño, trátase de obter información sobre a percepción que teñen os residentes sobre o

¹⁰ Para o deseño da enquisa, partiuse da realizada aos residentes dos concellos de *Pedrafita do Cebreiro e Melide* no ano 2017, no contexto dun estudo dos autores sobre a percepción dos residentes dos concellos galegos que percorre o Camiño Francés (Fernández et al., 2021). Co propósito de que os resultados de ambos estudos poidan ser comparables, en xeral, mantívose a mesma estrutura dos apartados e dos bloques en cada apartado, así como os ítem en cada bloque, salvo pequenas modificacións que non afectan a comparabilidade.

impacto agregado do Camiño, tanto a nivel individual como a nivel do concello, tendo en conta as diferentes dimensións.

A segunda sección céntrase na percepción global, non do camiño, senón do concello. A información sobre a percepción que os residentes teñen do concello, en termos xerais, obtense pedindo que identifiquen os tres principais problemas que consideran que ten o concello, elixindo entre un listado de quince potenciais problemas pertencentes a ámbitos diferentes. Un dos obxectivos deste apartado é tratar de identificar se existe unha percepción negativa da presenza de peregrinos (dado que figura como tal no listado de potenciais problemas) e da propia existencia do Camiño. En particular, as regulacións, limitacións e/ou esixencias que a existencia e preservación do Camiño impón, poderían ser vistas como un problema. Esta sección tamén incorpora un bloque que recolle información sobre a valoración que fan os residentes do desenvolvemento futuro do camiño e as repercusións para o seu concello. Neste bloque, por unha parte, pregúntase sobre se o Camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do Concello e, por outra, sobre as “ameazas” que poden poñer en risco a sustentabilidade do Camiño, tanto as referidas á “demanda” (escaseza de peregrinos) como á oferta (escaseza de servizos, infraestruturas ou apoio institucional) ou, incluso, á propia realidade do Concello en termos de dinámica demográfica ou económica¹¹

A terceira e última sección da enquisa pregunta sobre características socio-demográficas e sobre o contacto persoal que os enquisados teñen cos peregrinos, aspectos que, de acordo coa literatura, están entre os factores que inflúen na percepción que os residentes teñen dos impactos.¹² Nesta sección recóllense os datos sobre as características socio-demográficas (sexo, idade, nivel de estudos, composición do fogar), sobre o tempo de residencia no concello (como indicativo do “apego” ou a “identificación” do residente co concello) e sobre a situación laboral. Para obter información sobre a vinculación dos ingresos ao Camiño, aos residentes ocupados pregúntaselles pola súa ocupación actual. Tamén se pregunta sobre a intensidade do contacto cos peregrinos e as razóns para ese contacto. Por último, neste bloque, considerando que o coñecemento, recoñecemento e implicación co Camiño e cos peregrinos pode condicionar a percepción dos impactos,

¹¹ Na enquisa realizada nos concellos do Camiño Francés nos se incluía este bloque, pero a situación actual deste Camiño (cunha dinámica negativa respecto ao observado noutros Camiños) e a previsión de promoción futura, fan relevante coñecer a valoración que lles merece aos residentes este potencial desenvolvemento. A inclusión deste bloque non afecta á resposta do resto da enquisa, dado que se situou ao final, unha vez que o enquisado xa respondeu ao resto das cuestións coincidentes coas da enquisa mencionada.

¹² Unha revisión desta literatura en Fernández et al. (2021).

tratamos de obter información sobre o feito de que o residente se teña interesado no Camiño ate o punto de completar algunha das etapas.

4. RESULTADOS

4.1. Análise descritiva da mostra realizada. Características socio-demográficas e contacto cos peregrinos

A descrición das principais características, en base ás respostas dos cuestionarios, ademais da variable idade, utilizada para estratificar a mostra e que xa foi descrita no apartado anterior e, en particular, das características que potencialmente mais inflúen na percepción do impacto do camiño, móstranse na táboa 1.

No caso de Laza, en relación ao **sexo**, as enquisas realizadas son nun 70% dos casos a mulleres, fronte a un 30% a homes. Tendo en conta aos residentes que foron seleccionados pero non quixeron responder, estes datos de participación por sexo cambian lixeiramente (65,8 % son mulleres e 34,2% homes). No caso de Cea, un 45% das enquisas realizadas foron a homes e un 55% a mulleres. Respecto ao **nivel de estudos**, en Laza, a gran maioría posúe estudos primarios (58%), o 21,5% posúe estudos secundarios e un 20,6% da mostra posúe estudos superiores. En Cea, o grupo mais numeroso é o que ten estudos superiores (máis do 40%), seguido do grupo de residentes con estudos primarios (36,4%).

Táboa 1. Descrición da mostra realizada. Características socio-demográficas

Variable	Categorías	Laza		Cea	
		Frecuencia	Porcentaxe	Frecuencia	Porcentaxe
Sexo	Homes	32	29,9%	68	45%
	Mulleres	75	70,1%	83	55%
Nivel de estudos	Primarios	62	57,9%	55	36,4%
	Secundarios	23	21,5%	35	23,2%
	Superiores	22	20,6%	61	40,4%
Tempo residencia ao ano no concello	Habitualmente	87	81,3%	119	78,8%
	Vacacións(<3meses)	4	3,7%	2	1,3%
	Fins de semana	6	5,6%	2	1,3%
	Ocasionalmente	10	9,3%	28	18,5%
Situación laboral	Xubilado	48	44,9%	34	22,5%
	Estuda	3	2,8%	4	2,6%
	Desempreado	8	7,5%	8	5,3%
	Traballa	43	40,2%	103	68,2%
	Outras	5	4,7%	2	1,3%

Fonte: Elaboración propia

En canto ao **tempo de residencia no concello**, a inmensa maioría dos enquisados en Laza son residentes habituais (81,3%), os ocasionais son un 9,3%, os residentes de fin de semana son un 5,6% e os que pasan en Laza os seus períodos de vacacións son tan só un 3,7%, o cal se explica pola época do ano na que se realizou o estudo. Pola súa parte, en Cea, tamén a inmensa maioría dos enquisados son residentes habituais (78,8%), os que residen ocasionalmente no concello son un 18,5%, mentres que os residentes que pasan en Cae case todas as fins de semana ou períodos de vacacións son, en cada caso, tan só un 1,3%.

Respecto á **situación laboral**, o grupo maioritario en Laza é o dos xubilados (case un 45%). Os que traballan son pouco mais do 40%, (o 26% traballa por conta allea e o 14% por conta propia). En Cea, o 68,2% traballan, (o 45,3% fano por conta allea e o 23,2 por conta propia) o seguinte grupo é o dos xubilados (22,5%).

A intensidade do **contacto cos peregrinos** identificámola a partir da frecuencia dos contactos que os enquisados reportan e da distancia do lugar de residencia ao camiño, asumindo que, a maior distancia, menos oportunidades de encontrar peregrinos. A descrición para estas variables figura, para cada concello, na táboa 2. No caso de **Laza**, a maioría dos residentes (60,7%) viven a menos de dez minutos do camiño, o cal se explica porque pola capital do concello (a localidade máis poboada) pasa o camiño; e tan só un 6,5% viven a máis de 30 minutos. Tan só un 5,6% dos residentes din non ter ningún contacto cos peregrinos, a mesma porcentaxe dos que afirman ter contacto moi frecuente. A maioría (58%) afirma ter contacto cos peregrinos algúns días por semana. Maioritariamente, o motivo polo que os residentes teñen contacto cos peregrinos é porque pasan polo seu lugar de residencia (no 55% dos casos).

Táboa 2. Descrición da mostra realizada. Contacto persoal cos peregrinos

Variable	Categorías	Laza		Cea	
		Frecuencia	Porcentaxe	Frecuencia	Porcentaxe
Distancia residencia ao Camiño	< 10 minutos	65	60,7%	108	71,5%
	Entre 10 e 30 min	35	32,7%	29	19,2%
	> 30 minutos	7	6,5%	14	9,3%
Frecuencia contacto con peregrinos	Ningún	6	5,6%	4	2,6%
	Poucas veces	62	57,9%	65	43,0%
	Algunha vez cada día	33	30,8%	62	41,1%
	Varias veces cada día	6	5,6%	20	13,2%
Motivo do contacto	Por traballo	19	17,8%	41	27,2%
	Pasan pola localidade	59	55,1%	80	53,0%
	Noutra localidade	24	22,4%	30	19,9%

Fonte: Elaboración propia

No caso de **Cea**, a maioría (71,5%) viven a menos de dez minutos do camiño. A razón para contactar con peregrinos en máis da metade dos casos (53%) é porque pasan polo seu lugar de residencia. Sendo así, parece razoable que unicamente un 2,6% dos enquisados diga non ter ningún contacto cos peregrinos, o 43% encontra a peregrinos algúns días a semana e un 41% todos os días algunha vez. Como cabía esperar, o contacto cos peregrinos é maior neste concello que no caso de Laza, dado que o número de peregrinos que anualmente pasa por Cea é case o dobre dos que pasan por Laza. En calquera caso, o resultado non é comparable á frecuencia do contacto en Melide onde, dado o volume de peregrinos que atravesan este concello do Camiño Francés, o 69% dos enquisados dicía ter contacto con peregrinos varias veces ao día (Fernández et al., 2021).

4.2. Percepción dos impactos do Camiño

A continuación móstranse os resultados para ambos concellos, organizados segundo a estrutura dos bloques que se inclúen nas partes unha e dúas do cuestionario. En primeiro lugar, móstranse os datos para os impactos económico, socio-cultural e medioambiental, así como para o impacto global percibido e, a continuación, a percepción xeral da situación no concello, medida polos tres principais problemas identificados, e a percepción sobre o desenvolvemento futuro do Camiño.


4.2.1. Análise descritiva de variables intrínsecas

Tal como mostran os gráficos 2a e 2b, en termos xerais, a maioría dos residentes de ambos concellos perciben **efectos económicos** positivos derivados da existencia do camiño e a afluencia de peregrinos e non perciben un impacto económico negativo.

En Laza (Gráfico 2a), maioritariamente, os residentes están de acordo ou moi de acordo con que o camiño favorece aos ingresos do concello, aínda que non aos propios. Por outra parte, os residentes perciben que o camiño beneficia ao comercio local e o turismo, ao tempo que contribúe a que se manteñan outras actividades económicas, contribuindo ao mantemento do emprego.


Ademais, os residentes de Laza non perciben efectos económicos negativos, nin en termos de que entorpeza o desenvolvemento doutras actividades, nin en termos de potenciais efectos sobre o aumento dos prezos.

Gráfico 2a. Percepción do impacto económico do Camiño. Laza




En resumo: aínda que consideran, moi maioritariamente, que o Camiño non é a principal actividade do concello e que os beneficios do Camiño se concentran nuns poucos residentes, en termos xerais, os enquisados están “bastante” ou “moi” de acordo cos ítem referidos a que o Camiño xera beneficios económicos, mentres que están “bastante” ou “moi” en desacordo cos ítem referidos a que o Camiño xera perdas no ámbito económico.

Gráfico 2b. Percepción do impacto económico do Camiño. Cea



Os residentes de Cea tamén perciben que os efectos económicos son favorables, e en maior medida que en Laza, (Gráfico 2b): moi maioritariamente, están “bastante” ou “moi” de acordo cos ítem referidos a que o Camiño xera beneficios económicos (para o comercio local, o turismo, o emprego...), aínda que non se percibe que sexa a principal actividade do concello; mentres que, tamén de forma moi maioritaria, están “bastante” ou “moi” en desacordo cos ítem referidos a que o Camiño xera perdas no ámbito económico (nin afecta ao desenvolvemento doutras actividades, nin contribúe a que os prezos aumenten); se ben os beneficios se concentran nun pequeno número de residentes. Esta percepción de que o Camiño non xera efectos negativos no ámbito económico é común a ambos concellos. Os resultados para a percepción de **impacto sociocultural** móstranse nos gráficos 3a e 3b. En Laza, moi maioritariamente, aos enquisados agrádalles a presenza dos peregrinos, e non consideran que xeren conflictividade entre os residentes, pero non perciben un impacto socio-cultural positivo, salvo pola oportunidade que supón para coñecer a outras persoas e culturas e, en menor medida, porque contribúe a que mellore o servizo nos establecementos que frecuentan (tendas, restaurantes...).

Gráfico 3a. Percepción do impacto sociocultural do Camiño. Laza




Maioritariamente, os enquisados non perciben que o Camiño contribúa á mellora dos servizos sanitarios ou de transporte, nin a que haxa máis actividades culturais ou de ocio

nin, mesmo, a que se manteña o patrimonio cultural; pero, aínda de forma máis maioritaria, tampouco consideran que o acceso a estes servizos se vexa dificultado pola existencia do Camiño (gráfico 3a). Por outra parte, os enquisados tampouco perciben beneficios demográficos (moi maioritariamente, non están de acordo en que o Camiño contribúe ao establecemento ou mantemento de poboación no concello).


No caso de Cea, de forma case unánime, os enquisados responden que lles agrada a presenza dos peregrinos (un 88,7%). Pero, maioritariamente, non perciben efectos importantes da súa presenza no ámbito social, aínda que si os aprecian no ámbito cultural. Maioritariamente, os enquisados están en desacordo con que o camiño ten efectos positivos para a dotación ou o acceso aos servizos ou para o transporte. Ao mesmo tempo, tamén están en desacordo en que xera efectos negativos para o acceso a estes servizos, ou que xere conflitos entre os residentes (gráfico 3b). Por contra, si perciben beneficios culturais (tanto en termos da contribución a que haxa mais actividades como á mellora do patrimonio). En canto ao impacto demográfico, tampouco perciben que teña un impacto para fixar poboación no concello.

Gráfico 3b. Percepción do impacto sociocultural do Camiño. Cea



Ao igual que para os efectos sociais, os resultados que mostra o gráfico 4a indican que os enquisados en Laza, maioritariamente non perciben que os **efectos medioambientais** do Camiño sexan favorables, estando en desacordo (“bastante” ou “moi”) cos ítem referidos a que o Camiño xera beneficios ambientais (en termos de preservar a paisaxe, mellorar as infraestruturas ou contribuír ao mantemento e coidado dos núcleos de poboación). Pero, tamén están en desacordo (“bastante” ou “moi”) cos ítem referidos a que o Camiño xera perdas ambientais (nin en termos de maior contaminación nin para a xestión de residuos). En canto á percepción de saturación do Camiño, a percepción, case unánime, é de que non hai demasiados peregrinos nin sequera durante algúns meses ao ano. Dado o reducido número de peregrinos que realizan a Vía da Prata, en particular o tramo que pasa por Laza, parece razoable que os residentes non lle atribúan un impacto ambiental negativo e, moito menos, que perciban ningún tipo de saturación.

Gráfico 4a. Percepción do impacto medioambiental do Camiño. Laza




No caso de Cea (gráfico 4b), a percepción de impacto medioambiental é máis positiva. Os enquisados, maioritariamente, perciben que os efectos ambientais do Camiño son favorables, en particular na súa contribución a “preservar a paisaxe”. A percepción non é tan favorable no que respecta á contribución ao mantemento dos lugares ou á mellora das infraestruturas (en liña coa percepción dos efectos para o acceso a servizos no bloque anterior). A diferenza das mostras enquisadas de ambos concellos, en canto á estrutura de idades (máis nova en Cea) e de niveis educativos (máis alto en Cea), explica, en parte,

a diferenza na percepción, en particular, dalgún dos impactos positivos culturais e medioambientais.

En canto aos potenciais efectos negativos, a percepción moi maioritaria é que o Camiño non xera prexuízos ambientais (nin en termos de máis contaminación, nin en termos de xestión de residuos). En canto á percepción de saturación do Camiño, a percepción maioritaria é de que non hai demasiados peregrinos, nin sequera nos meses de maior afluencia.


Gráfico 4b. Percepción do impacto medioambiental do Camiño. Cea



En canto ao **impacto global**, malia que un 65,4% dos residentes enquisados en Laza están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que, “como consecuencia do Camiño, melloran os ingresos e o nivel de vida do concello”, e un 40,2% están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que “os beneficios son superiores aos costes”, unicamente un 24,3% dos residentes mostra ese nivel de acordo con que, “globalmente, o concello prosperou”, fronte a un 43% que está en desacordo con que o concello de Laza prosperase como consecuencia do Camiño (gráfico 5). Á vista destes resultados, parece que nesta valoración global, os residentes están tendo en conta que a débil evolución do Camiño non é suficiente para alterar a dinámica global negativa do concello. Tamén parece deducirse das respostas obtidas que os residentes consideran que a xestión do camiño polas administracións non esta sendo adecuada. So un 20,5% dos residentes están de acordo fronte a un 60,7% en desacordo co ítem “Globalmente, estou satisfeito coa xestión que as administracións fan do Camiño”.

Os residentes aínda están menos de acordo en que “Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, a súa vida cotiá mellorou”. Unicamente o 19,6% dos residentes está de acordo (“bastante” ou “moi”) fronte a un 51,4% que se mostra en desacordo (“bastante” ou “moi”). A esta explicación tamén contribúe o feito de que, aínda percibindo uns efectos económicos positivos, o reducido número de peregrinos neste Camiño non permiten que o impacto económico positivo acade unha magnitude significativa para a maioría dos residentes do concello.

Gráfico 5. Percepción impacto global do Camiño




No concello de Cea, tendo en conta todos os impactos, a percepción maioritaria é que, globalmente, os efectos do Camiño son favorables e fan prosperar ao concello (o 44,4% dos residentes están de acordo con esa valoración, fronte ao 28,8% que están en desacordo), e que os beneficios superan aos custes (co que está de acordo case o 50% dos residentes e, en desacordo, menos do 20%), (Gráfico 5).

Con todo, a nivel individual, a percepción maioritaria tampouco é de que isto redunde nunha mellora da súa vida cotiá (só é así para un 20%). En canto á satisfacción coa xestión que as administracións públicas fan do camiño, son máis os que están de acordo con este ítem (44,4%, 24 puntos porcentuais máis que en Laza) que en desacordo (41,7%), (gráfico 5).

A **percepción xeral da situación no concello**, aproximámola polos tres principais problemas que identifican os residentes enquisados. No caso de Laza, moi maioritariamente, os principais problemas que os residentes consideran que ten o concello son demográficos e, en menor medida, de índole económica (Gráfico 6). No listado de 15 problemas propostos, dos 107 enquisados, 95 indicaron que o *despoboamento* era un dos principais problemas. O segundo problema máis citado foi a *falta de emprego e oportunidades*, seguido polo *avellentamento* da poboación e a *falta de actividades culturais e de ocio*. Tamén aparecen como problemas, aínda que con menos frecuencia, o *acceso a servizos sociais e de saúde* e os *requirimentos ou esixencias municipais*.¹³ Tamén no caso de Cea, os principais problemas que os residentes perciben no concello son de índole demográfica (despoboamento e avellentamento) e económicos (falta de emprego e oportunidades). O *despoboamento* foi mencionado como un dos principais problemas por 146 enquisados, dunha mostra de 151; o *avellentamento* foi mencionado por 108 e a *falta de emprego e oportunidades* por 93. En cuarto lugar, a *falta de actividades culturais e de ocio* foi mencionado entre os principais problemas por 61 dos enquisados (gráfico 6).

Gráfico 6. Principais problemas percibidos no concello




¹³ Inicialmente, no deseño da enquisa non estaba este problema (como tampouco estaba na enquisa realizada aos concellos do Camiño Francés, Fernández et al., 2021), pero, unha vez realizada a enquisa piloto, decidiuse incluír os requirimentos ou esixencias municipais como un dos potenciais problemas.

Agrupando o total de respostas en catro ámbitos, vemos (gráfico 7) que os aspectos demográficos (despoboamento e avellentamento), seguidos dos económicos (falta de emprego e de oportunidades) e a falta de actividades culturais, son os identificados como problemas de forma moi maioritaria en ambos concellos. O acceso a servizos (sociais, de saúde, educativos, financeiros, telecomunicacións, etc.) son sinalados por algúns residentes, ao igual que os requirimentos municipais. Os problemas incluídos no grupo de “outros problemas” (entre os que están a afluencia de turistas/peregrinos, problemas de seguridade, conflitos entre veciños e xestión do monte comunal) son vistos como problemas por unha moi pequena porcentaxe.

En ningún dos concellos, o *Camiño e a afluencia de peregrinos* é percibido como problema, sendo mencionado entre os tres problemas do concello por 5 enquisados en cada concello. Pero, á vista dos resultados, tampouco parece que os residentes perciban no Camiño unha solución aos seus problemas, como si é percibido polos residentes de algúns concellos do Camiño Francés (Fernández et al., 2021). Se ven os residentes dos dous concellos poden percibir que o Camiño contribúe a resolver algúns dos problemas económicos, na medida que se perciben efectos económicos positivos, ou, tamén, co caso de Cea, a paliar o problema de *dispoñibilidade de actividades culturais e de ocio*, non o verían así para os demográficos, posto que, maioritariamente, non perciben que o Camiño contribúa ao establecemento ou mantemento de poboación.

Gráfico 7. Ámbito dos principais problemas percibidos no concello




Respecto ao **desenvolvemento futuro do Camiño**, aos residentes preguntóuselles pola visión que ten do Camiño de cara ao futuro, dende dúas perspectivas diferentes. Por unha parte, o seu grao de acordo con que o camiño deba ser un factor de desenvolvemento

económico e social do concello e, por outra, as razóns que, ao seu xuízo, poderían ameazar a sustentabilidade do Camiño de Santiago (no tramo que pasa polo seu concello). En canto a esas posibles ameazas, preguntóuselles polas que ten que ver coa afluencia de peregrinos e polas que ten que ver coas condicións do propio Camiño (apoio das administracións públicas) e da situación do concello (dinámica demográfica, dotación de servizos e infraestruturas).

Os resultados que mostran os gráficos 8a e 8b, indican que os residentes, moi maioritariamente (70% en Laza e 83,4% en Cea), están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que *o Camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello*. Tamén moi maioritariamente, os residentes de ambos concellos non perciben que *a falta de peregrinos* poda poñer en perigo o desenvolvemento futuro do Camiño. Curiosamente, isto é percibido por unha maior porcentaxe de enquisados (76,6%) en Laza que en Cea (65%), a pesar de que por Laza pasen moitos menos peregrinos. Por contra, case un 50% dos enquisados en cada concello están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que é *a falta de apoio das administracións* o que pode poñer en perigo o desenvolvemento do Camiño.


Gráfico 8a. Percepción sobre o desenvolvemento futuro do camiño. Laza



En relación ao resto de potenciais ameazas, a percepción é algo diferente nos dous concellos. Mentres os residentes de Laza, maioritariamente, tampouco están de acordo en que esa ameaza poda vir pola propia *dinámica demográfica do concello* ou pola *falta de servizos e infraestruturas*, en Cea, en torno ao 50% dos enquisados están de acordo (“bastante” ou “moi”) con que a falta de servizos podería supor ameazas para o

desenvolvemento futuro do Camiño, fronte ao 35% que están en desacordo (“bastante” ou “moi”) con esa afirmación.

Gráfico 8b. Percepción sobre o desenvolvemento futuro do camiño. Cea



4.2.2. Potenciais factores de influen na percepción. Análise de independencia

Como foi comentado anteriormente, hai factores de distinta índole que, potencialmente, afectan á percepción que os residentes teñen do impacto do camiño. Entre estes factores consideramos, ademais da idade (variable que foi utilizada para segmentar a mostra), a dependencia dos ingresos familiares respecto da existencia do camiño.

Para identificar se existen diferencias na percepción do impacto en función destes factores, segmentase a mostra total segundo as dúas características mencionadas: (1) grupos de idade (18-39; 40-64; >65) e (2) vinculación dos ingresos ao camiño (considerando que os ingresos da unidade familiar do residente están “vinculados ao Camiño” cando di estar de acordo (bastante ou moi) co ítem “*A existencia do camiño contribuíu á mellora dos ingresos e do nivel de vida da súa familia*”, mentres que se di estar en desacordo (bastante ou moi) consideramos que os ingresos familiares “non están vinculados ao Camiño”), e realízanse contrastes de independencia.

A dependencia ou independencia da percepción de impacto, para cada un dos ítem en cada un dos bloques (que se corresponden coa variable dependente, que presenta tres categorías de nivel de acordo) respecto das dúas variables independentes (idade e

vinculación dos ingresos ao camiño) confirmase polos resultados dos contrastes chi-cadrado, χ^2 ,¹⁴ que se mostran no ANEXO I.

Os resultados confirman que a percepción dos residentes en canto aos impactos negativos do Camiño, nos ámbitos económico, socio-cultural e medioambiental, non se ven influídos pola idade nin pola vinculación dos ingresos ao Camiño, salvo no ítem “aumenta a contaminación ambiental”, que mostran un menor acordo coa afirmación os que ten ingresos vinculados ao Camiño. Tampouco a valoración xeral “Persoalmente agrádame a presenza de peregrinos” é estatisticamente diferente en función da idade ou a vinculación dos ingresos.

A percepción dos impactos positivos está máis influenciada pola idade e a vinculación dos ingresos.¹⁵ No ámbito económico, a medida que aumenta a idade, aumentan as respostas de “indiferente” nos ítem “Melloran os ingresos e nivel de vida da familia” e “Aumenta as posibilidades de emprego”; a percepción para o resto de ítem deste bloque non está influída pola idade. En xeral, os residentes con ingresos vinculados ao Camiño ten unha visión máis favorable dos impactos económicos positivos, en particular para os ítem “Melloran os ingresos e nivel de vida do concello”, “Aumenta as posibilidades de emprego” e “Favorece o mantemento doutras actividades económicas”. Por último, a percepción dos residentes é independente da idade e a vinculación dos ingresos para os ítem “Beneficia ao comercio local”, “Aumenta o turismo” e “O Camiño é a principal actividade económica do concello”.

Para a percepción de impactos positivos no ámbito socio-cultural, unicamente o ítem sobre a contribución do Camiño para a “Restauración e mellora do patrimonio cultural” ten respostas estatisticamente diferentes en función da idade e a vinculación dos ingresos: a maior idade, visión menos positiva e visión máis positiva para os residentes con ingresos vinculados; estes residentes tamén ten unha valoración máis positiva do ítem “Hai máis actividades culturais e de ocio”. A percepción de impacto demográfico é independente da vinculación dos ingresos, pero é menos favorable a medida que aumenta a idade. As

¹⁴ Cálculo do estatístico Chi-cadrado, sendo a hipótese nula que as variables son independentes (a percepción non se ve afectada polo segmento concreto) e a hipótese alternativa que as variables están relacionadas, é dicir, que a variable dependente (percepción) si se ve afectada ou é estatisticamente diferente para os distintos segmentos.

Estatístico Chi-cadrado: $\chi^2 = \sum_{i=1}^k \frac{(O_i - E_i)^2}{E_i}$, sendo O_i as frecuencias observadas ou empíricas e E_i as frecuencias esperadas ou teóricas.

¹⁵ Andereck et al. (2005) encontran que perciben maiores efectos positivos os residentes cuxos ingresos están vinculados ao turismo pero, a diferenza dos nosos resultados, encontran tamén que perciben maiores impactos negativos os residentes con ingresos non vinculados.

respostas para o resto de ítem sobre impacto socioeconómico positivo, son independentes da idade e da vinculación dos ingresos.


Respecto ao impacto medioambiental positivo, os residentes con ingresos vinculados ao Camiño ten unha valoración máis positiva dos ítem “ Melloran as infraestruturas básicas” e “ Contribúe a preservar a paisaxe”; a resposta a este último tamén está influenciada pola idade, no sentido de que a maior idade valoración menos positiva. Por último, as respostas ao ítem “Os núcleos de poboación están máis coidados, máis limpos” son independentes de ambas variables.

Os resultados para Cea (ANEXO I) mostran que a vinculación dos ingresos ao Camiño non inflúe na percepción dos impactos socioculturais nin medioambientais, pero si en algúns dos ítem do ámbito económico, para os que, en xeral, os residentes con ingresos vinculados ten unha valoración máis positiva. A variable idade inflúe na percepción de varios dos ítem dos distintos ámbitos, en xeral, a maior idade a percepción é máis negativa.

A valoración xeral, medida polo ítem “Persoalmente, agrádame a presenza de peregrinos”, que podemos interpretar como a “actitude ante o Camiño e a afluencia de peregrinos”, e que, moi maioritariamente é moi positiva, é independente da idade e da vinculación dos ingresos ao Camiño. Tamén a percepción de impacto demográfico “Establecemento ou mantemento de poboación” e de saturación “Algúns meses ao ano hai demasiados peregrinos “ son independentes da idade e da vinculación dos ingresos ao Camiño.


Para a **percepción de impacto global**, os resultados (ANEXO I) indican que, para o caso de Laza, non hai diferenzas estatisticamente significativas segundo a idade para ningún dos ítem, salvo para “Globalmente, estou satisfeito coa xestión que as administracións fan do Camiño”: son os residentes con idades entre 40 e 64 anos os que están menos de acordo coa afirmación, (Gráfico 9a).

Gráfico 9a. Percepción impacto global do Camiño en función da idade. Laza



En canto á dependencia dos resultados en función da idade, no caso de Cea, en xeral, a maior idade a valoración do impacto global é menos favorable para os distintos ítem; salvo para o que se refire á xestión que fan do Camiño as AAPP para o que, a diferenza do caso de Laza, as respostas son independentes tanto da idade como da vinculación dos ingresos ao Camiño, (Gráfico 9b).

Gráfico 9b. Percepción impacto global do Camiño en función da idade. Cea



En resumo, cando segmentamos a mostra de Laza por idade, a percepción do impacto global non é moi diferente para os distintos grupos de idade, salvo no referido á xestión que as AAPP fan do Camiño (gráfico 9a). Por contra, a vinculación dos ingresos familiares ao Camiño inflúen na percepción de todos os ítem salvo nese último (Gráfico 10a). Cando os ingresos familiares están vinculados á existencia do Camiño, a percepción de que o Camiño contribúe ao progreso do concello a aos propios ingresos é moito mais maioritaria que cando os ingresos familiares non están relacionados co Camiño.

Gráfico 10a. Percepción impacto global do Camiño en función da vinculación dos ingresos familiares coa existencia do Camiño. Laza





Gráfico 10b. Percepción impacto global do Camiño en función da vinculación dos ingresos familiares coa existencia do Camiño. Cea



No caso de Cea, os resultados indican que para a percepción de impacto global non hai diferenzas estatisticamente significativas segundo a vinculación dos ingresos ao Camiño, salvo para o ítem “Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, a súa vida cotiá mellorou”, para o cal a valoración é máis favorable cando os ingresos están vinculados. (Gráfico 10b).

5. CONCLUSIONES

Á vista das respostas á enquisa, podemos concluír que a maioría dos residentes de **Laza** perciben que o Camiño ten un impacto económico positivo, aínda que non sexa a principal actividade do concello e os beneficios se concentren nuns poucos residentes. Sen embargo, non consideran que teña un impacto, nin positivo nin negativo, nos ámbitos social, demográfico ou cultural, salvo pola oportunidade que supón de coñecer a outras persoas e outras culturas. Tampouco perciben impactos no ámbito medioambiental, en particular, non perciben ningún tipo de saturación en ningún momento do ano. En termos globais, a valoración que a maioría dos residentes fan dos impactos do Camiño é positiva (máis para o concello que para o propio enquisado) e mostran unha actitude moi favorable cara ao Camiño e os peregrinos. En xeral, a valoración favorable dos impactos positivos do Camiño é maior para aqueles residentes cuxos ingresos están vinculados, dalgunha maneira, a existencia do Camiño.

Os principais problemas do concello que perciben os residentes son de carácter demográfico e económico. Se ben os residentes poderían estar de acordo en que o Camiño contribúe a resolver parte dos problemas económicos (dada a súa contribución á actividade económica e o emprego), non consideran que estea contribuíndo a resolver os demográficos.

Pola súa parte, os residentes de **Cea**, maioritariamente, perciben efectos económicos positivos do Camiño, aínda que non sexa a principal actividade do concello, e non perciben efectos negativos. Maioritariamente, non perciben efectos, nin positivos nin negativos, no ámbito social (acceso a servizos sociosanitarios ou de transporte), aínda que si aprecian un impacto cultural positivo (tanto en termos da contribución a que haxa mais actividades como na mellora do patrimonio e, sobre todo, pola oportunidade de coñecer a outras persoas ou culturas). Maioritariamente, os residentes perciben impactos positivos no ámbito medioambiental (en particular, na contribución do Camiño a preservar a paisaxe) e non perciben impactos negativos nin saturación, nin sequera nos meses de maior afluencia de peregrinos.

Tendo en conta o total dos impactos, a percepción é que, globalmente, o Camiño ten un impacto positivo (máis para o concello que para o propio residente) e, de maneira moi maioritaria, os residentes mostran unha actitude moi favorable cara a presenza de peregrinos. En xeral, os residentes cuxos ingresos dependen de actividades vinculados ao camiño ten unha percepción máis favorable dos impactos positivos.

Os principais problemas identificados polos residentes de Cea son os demográficos (despoboamento e avellentamento) e os económicos (falta de emprego). Os enquisados non consideran, maioritariamente, que o camiño teña un impacto no establecemento ou mantemento da poboación, polo que non estaría contribuíndo a resolver o problema demográfico; pero os impactos positivos que perciben para o comercio local, o fomento de actividades turísticas e non turísticas, e a creación de emprego, contribuirían a paliar parte dos problemas económicos identificados.

A percepción de que o Camiño ten impactos positivos, sobre todo no ámbito económico, está, sen dúbida, detrás da moi positiva valoración que fan do Camiño e na actitude cara o seu desenvolvemento. De feito, os residentes de ambos concellos, de forma moi maioritaria, consideran que, cara ao futuro, o Camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello. Esta percepción é independente de que os ingresos dos residentes están ou non vinculados ao Camiño (Anexo I) e, en canto a idade, no caso de Laza, o acordo é maior canto menor é a idade mentres que no caso de

Cea é independente. Os residentes tamén perciben que se hai que facer fronte a algún reto para a sostibilidade do Camiño, non será como consecuencia de que non hai peregrinos, senón polas condicións do Camiño e dos propios concellos, as cales, en parte, responden á propia dinámica demográfica regresiva e, en parte, á falta de servizos e infraestruturas e, de forma máis xeral, á falta de suficiente apoio por parte das institucións.

Long et al. 1990, nun estudo para 28 comunidades rurais de Colorado, encontran que a actitude favorable cara ao desenvolvemento futuro da actividade turística ten forma de U invertida, crece ao principio co nivel de turismo e, a partir dun teito (que estiman cando o 30% das vendas minoristas da comunidade son a turistas) decrece. En ambos concellos parece que ese teito estaría aínda lonxe.

REFERENCIAS

- Abdollahzadeh, G. e Sharifzadeh, A. (2014): "Rural Residents' Perceptions Toward Tourism Development: a Study from Iran", *International Journal of Tourism Research*, vol. 16 (2), pp. 126-136.
- Aguiló, E. e Rosselló, J. (2005). Host Community Perceptions: A Cluster Analysis. *Annals of Tourism Research*, 32, 4, pp. 925-941.
- Akis, S., Peristianis, N. e Warner, J. (1996). Residents' attitudes to tourism development: the case of Cyprus. *Tourism Management*, 17, 7, pp. 481-404
- Allen, L., Hafer, H., Long, P. e Perdue, R. (1993). Rural residents' attitudes toward recreation and tourism development. *Journal of Travel Research*, 31, 4, pp. 27-33.
- Andereck, K., Valentine, K. Knopf, R. e Vogt, C. (2005). Residents' perceptions of community tourism impacts. *Annals of Tourism Research*, 32, 4, pp. 1056-1076.
- Andriotis, K. e Vaughn, D. (2003). Urban residents' attitudes towards tourism development: the case of Crete. *Journal of Travel Research*, 42, 2, pp.172-185.
- Ap, J. (1990): Residents' Perceptions Research on the Social Impacts of Tourism. *Annals of Tourism Research*, 17, pp. 610-616.
- Ap, J. (1992). Resident's perceptions on tourism impacts. *Annals of Tourism Research*, 19, 4, pp.665-690.
- Brida, J., Disegna, M. e Osti, L. (2014). Resident' Perceptions of Tourism Impacts and Attitudes towards Tourism Policies. *TOURISMOS: An International Multidisciplinary Journal of Tourism*, 9, 1), pp. 37-71.
- Castillo, A., Soto, M. e López, T. (2012). Percepción y Actitudes del Residente acerca del Impacto del Turismo en la Isla de Santiago (Cabo Verde). *TurYDes Revista de Investigación en Turismo y Desarrollo Local*, 5, 12, pp. 1-23.
- Días, R. e Guitiérrez, D. (2010). La actitud del residente en el destino turístico de Tenerife: evaluación y tendenci. *PASOS, Revista de Turismo y Patrimonio Cultural*, 8, 4, pp.431-444.
- Deery, M. Jago, L. e Fredline, L. (2012). Rethinking social impacts of tourism research: A new research agenda. *Tourism Management*, 33, pp. 64-73.
- Easterling, D. (2004). The residents' perspective in tourism research: a review and synthesis. *Journal of Travel and Tourism Marketing*, 17, 4, pp.45- 62.
- Fernández, M. e Riveiro, D. (2018): *Estuvo do impacto Socioeconomico do Camiño de Santiago 2017*, Area de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia. https://aei.turismo.gal/osdam/filestore/1/8/2/5/9_665654c1913f09b/18259_alt_1196_a6b2f21322fedel.pdf
- Fernández-Méndez, D., Fernández, M. e Riveiro, D. (2021): "Impacto socioeconómico del Camino de Santiago a nivel local: la percepción de los residentes", Cuadernos de Turismo, 47, pp. 37-63.
- Garrod, F. e Fyall, A. (1998). Beyond the rhetoric of sustainable tourism? *Tourism Management*, 19, 3, pp.199-212.

- Gursoy, D., Jurovski, C. e Uysal, M. (2002). Resident attitudes: A structural modeling approach. *Annals of Tourism Research*, 29, pp. 79-105.
- Gursoy, D. e Rutherford, D. (2004). Host Attitudes toward Tourism: An Improved Structural Model. *Annals of Tourism Research*, 31, 3, pp. 495-516.
- Gursoy, D., Chi, C. e Dyer, P. (2009). An Examination of Locals' Attitudes. *Annals of Tourism Research*, 36, 4, pp. 723-726.
- Jurovski, C., Uysal, M. e Williams, R. (1997). A Theoretical Analysis of Host community Resident Reactions to Tourism. *Journal of Travel Research*, 36, 2, pp.3-11.
- Jurovski, C. e Gursoy, D. (2004). Distance effects on residents' attitudes toward tourism. *Annals of Tourism Research*, 31, 2, pp. 296-312.
- Lee, T. H. (2013). Influence analysis of community resident support for sustainable tourism development. *Tourism Management*, 34, pp. 37-46.
- Liu, J. e Var, T. (1986). Resident Attitudes toward Tourism Impacts in Hawaii. *Annals of Tourism Research*, 13, pp.193-214
- Long, P.T., Perdue, R.R. e Allen, L. (1990): "Rural Resident Tourism Perceptions and Attitudes by Community Level of Tourism", *Journal of Travel Research*, 28(3), pp.3-9.
- Mathieson, A. e Wall, G. (1982). *Tourism: Economic, Physical, and Social Impacts*. New York: Longman House.
- Nicholas, L., Thapa, B. e Ko, Y. (2009). Resident' perspectives of A World Heritage Site: The Pitons Management Area, St. Lucia. *Annals of Tourism Research*, 36, 3, pp. 390-412.
- Perdue, R., Long, P. e Allen, L. (1990). Resident Support for Tourism Development. *Annals of Tourism Research*, 17, pp.586-599.
- Pizam, A. (1978). Tourist Impacts. The Social Costs to the Destination Community as Perceived by its Residents. *Journal of Travel Research*, 16, pp.8-12.
- Rasoolimanesh, M., Jaafar, M., Kock, N. e Ramayah, N. (2015): "A revised framework of social exchange theory to investigate the factors influencing residents' perceptions". *Tourism Management Perspectives*, vol. 16, pp. 335-345.
- Sharpley, R. (2014). Host perceptions of tourism: A review of the research. *Tourism Management*, 42, pp. 37-49.
- Sheldon, P., e Abenoja, T. (2001). Resident Attitudes in a Mature Destination: the Case of Waikiki. *Tourism Management*, 22, pp. 435-443.
- Tosun, C. (2002). Host Perceptions of Impacts: A Comparative Tourism Study. *Annals of Tourism Research*, 29, pp. 231-253.
- Vargas-Sánchez, A., de los Ángeles Plaza-Mejía, M. e Porrás-Bueno, N. (2009). Understanding residents' attitudes toward the development of industrial tourism in a former mining. *Journal of Travel Research*, 47, 3, pp. 373-387.
- Vargas-Sánchez, A., Porrás-Bueno, N. e de los Ángeles Plaza-Mejía, M. (2011). Explaining residents' attitudes to tourism. Is a universal model possible? *Annals of Tourism Research*, 38, 2, pp.460-480.

ANEXO I

CONTRASTES DE INDEPENDENCIA LAZA

BLOQUE 1. PERCEPCIÓN DOS IMPACTOS ECONÓMICOS DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
EFFECTOS POSITIVOS		
Melloran os ingresos e nivel de vida do concello	$\chi^2=3.601$	$\chi^2=14.638^{***}$
Melloran os ingresos e nivel de vida da familia	$\chi^2=14.213^{***}$	--
Beneficia ao comercio local	$\chi^2=4.692$	$\chi^2=2.855$
Aumenta as posibilidades de emprego	$\chi^2=12.364^{**}$	$\chi^2=10.921^{***}$
Aumenta o turismo	$\chi^2=5.967$	$\chi^2=5.902^*$
Favorece mantemento doutras actividades económicas	$\chi^2=2.595$	$\chi^2=6.079^{**}$
O Camiño principal actividade económica do concello	$\chi^2=3.558$	$\chi^2=0.297$
EFFECTOS NEGATIVOS		
Entorpece o desenvolvemento de actividades non turísticas	$\chi^2=3.953$	$\chi^2=1.358$
Aumentaron os prezos...		
... nos comercios	$\chi^2=2.320$	$\chi^2=0.560$
... nos servizos	$\chi^2=2.320$	$\chi^2=0.560$
... na hostalería	$\chi^2=4.534$	$\chi^2=1.418$
... na vivenda	$\chi^2=2.320$	$\chi^2=0.560$
Favorece a residentes de fora do concello	$\chi^2=8.805^*$	$\chi^2=3.556$
Beneficia só a un pequeno número de residentes	$\chi^2=5.937$	$\chi^2=5.884^*$
BLOQUE 2. PERCEPCIÓN DOS IMPACTOS SOCIOCULTURAIS DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
EFFECTOS POSITIVOS		
Melloran servizos sanitarios	$\chi^2=2.799$	$\chi^2=1.037$
Melloraron infraestruturas de transporte	$\chi^2=6.758$	$\chi^2=5.472^*$
Hai máis actividades culturais e de ocio	$\chi^2=8.685^*$	$\chi^2=8.304^{**}$
Restauración e mellora do patrimonio cultural	$\chi^2=18.561^{***}$	$\chi^2=25.52^{***}$
Mellora a calidade do servizo en restaurantes, tendas, ...	$\chi^2=7.635$	$\chi^2=3.088$
Oportunidade de coñecer outras persoas e culturas	$\chi^2=4.938$	$\chi^2=4.169$
Establecemento ou mantemento de poboación	$\chi^2=14.144^{***}$	$\chi^2=2.864$
EFFECTOS NEGATIVOS		
Dificulta a mobilidade e o acceso aos servizos	$\chi^2=7.330$	$\chi^2=5.037^*$
Xera conflitos entre os residentes	$\chi^2=4.832$	$\chi^2=0.799$
VALORACIÓN XERAL		
Persoalmente, agrádame a presenza de peregrinos	$\chi^2=4.111$	$\chi^2=2.855$

BLOQUE 3. PERCEPCIÓN DOS IMPACTOS MEDIOAMBIENTAIS DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
EFFECTOS POSITIVOS		
Contribúe a preservar a paisaxe	$\chi^2=17.709^{***}$	$\chi^2=8.909^{**}$
Os núcleos de poboación están máis coidados, máis limpos,	$\chi^2=0.237$	$\chi^2=1.395$
Melloran as infraestruturas básicas	$\chi^2=2.375$	$\chi^2=11.606^{***}$
EFFECTOS NEGATIVOS		
Xera un problema de xestión de residuos	$\chi^2=3.570$	$\chi^2=4.481$
Aumenta a contaminación ambiental	$\chi^2=4.879$	$\chi^2=9.347^{***}$
PERCEPCIÓN DA SATURACIÓN DO CAMIÑO		
Algúns meses ao ano hai demasiados peregrinos	$\chi^2=4.559$	$\chi^2=5.459^*$
BLOQUE 4. PERCEPCIÓN GLOBAL DOS IMPACTOS		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, o concello prosperou	$\chi^2=8.859^*$	$\chi^2=7.678^{**}$
Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, a súa vida cotiá mellorou	$\chi^2=9.265^*$	$\chi^2=24.026^{***}$
Tendo en conta todos os efectos, para o concello, os beneficios son superiores aos costes	$\chi^2=5.662$	$\chi^2=12.213^{***}$
Globalmente, estou satisfeito coa xestión que as administracións fan do Camiño	$\chi^2=12.387^{**}$	$\chi^2=1.679$
PERCEPCIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO FUTURO DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
O camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello	$\chi^2=20.418^{***}$	$\chi^2=4.122$
A sustentabilidade do Camiño (no concello) esta ameazada		
...pola baixa presenza de peregrinos	$\chi^2=10.787^{**}$	$\chi^2=6.639^{**}$
...pola dinámica demográfica e económica do propio concello	$\chi^2=14.658^{***}$	$\chi^2=10.439^{***}$
...pola falta de apoio das administracións públicas	$\chi^2=11.393^{**}$	$\chi^2=5.094^*$

Notación: *, ** e *** denotan niveis de significación do 10%, 5% e 1% respectivamente.

CONTRASTES DE INDEPENDENCIA CEA

BLOQUE 1. PERCEPCIÓN DOS IMPACTOS ECONÓMICOS DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
EFFECTOS POSITIVOS		
Melloran os ingresos e nivel de vida do concello	$\chi^2=7.768^*$	$\chi^2=6.872^{**}$
Melloran os ingresos e nivel de vida da familia	$\chi^2=11.480^{***}$	--
Beneficia ao comercio local	$\chi^2=3.389$	$\chi^2=7.309^{**}$
Aumenta as posibilidades de emprego	$\chi^2=2.961$	$\chi^2=1.966$
Aumenta o turismo	$\chi^2=4.926$	$\chi^2=1.864$
Favorece mantemento doutras actividades económicas	$\chi^2=4.823$	$\chi^2=8.185^{***}$
O Camiño principal actividade económica do concello	$\chi^2=8.695^*$	$\chi^2=0.188$
EFFECTOS NEGATIVOS		
Entorpece o desenvolvemento de actividades non turísticas	$\chi^2=9.883^{**}$	$\chi^2=4.935^*$
Aumentaron os prezos...		
... nos comercios	$\chi^2=3.770$	$\chi^2=1.275$
... nos servizos	$\chi^2=4.956$	$\chi^2=1.370$
... na hostalería	$\chi^2=18.443^{***}$	$\chi^2=0.045$
... na vivenda	$\chi^2=3.483$	$\chi^2=1.693$
Favorece a residentes de fora do concello	$\chi^2=1.252$	$\chi^2=0.438$
Beneficia só a un pequeno número de residentes	$\chi^2=7.100$	$\chi^2=6.166^{**}$
BLOQUE 2. PERCEPCIÓN DOS IMPACTOS SOCIOCULTURAIS DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
EFFECTOS POSITIVOS		
Melloran servizos sanitarios	$\chi^2=7.963^*$	$\chi^2=1.925$
Melloraron infraestruturas de transporte	$\chi^2=13.266^{***}$	$\chi^2=4.171$
Hai máis actividades culturais e de ocio	$\chi^2=11.234^{**}$	$\chi^2=0.495$
Restauración e mellora do patrimonio cultural	$\chi^2=16.141^{***}$	$\chi^2=2.995$
Mellora a calidade do servizo en restaurantes, tendas, ...	$\chi^2=14.649^{***}$	$\chi^2=1.673$
Oportunidade de coñecer outras persoas e culturas	$\chi^2=2.988$	$\chi^2=2.920$
Establecemento ou mantemento de poboación	$\chi^2=7.032$	$\chi^2=1.508$
EFFECTOS NEGATIVOS		
Dificulta a mobilidade e o acceso aos servizos	$\chi^2=0.517$	$\chi^2=0.285$
Xera conflitos entre os residentes	$\chi^2=1.456$	$\chi^2=2.065$
VALORACIÓN XERAL		
Persoalmente, agrádame a presenza de peregrinos	$\chi^2=6.707$	$\chi^2=3.879$

BLOQUE 3. PERCEPCIÓN DOS IMPACTOS MEDIOAMBIENTAIS DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
EFFECTOS POSITIVOS		
Contribúe a preservar a paisaxe	$\chi^2=15.813^{***}$	$\chi^2=0.268$
Os núcleos de poboación están máis coidados, máis limpos,	$\chi^2=16.056^{***}$	$\chi^2=0.443$
Melloran as infraestruturas básicas	$\chi^2=10.045^{**}$	$\chi^2=1.617$
EFFECTOS NEGATIVOS		
Xera un problema de xestión de residuos	$\chi^2=2.316$	$\chi^2=0.240$
Aumenta a contaminación ambiental	$\chi^2=1.501$	$\chi^2=0.268$
PERCEPCIÓN DA SATURACIÓN DO CAMIÑO		
Algúns meses ao ano hai demasiados peregrinos	$\chi^2=3.959$	$\chi^2=2.645$
BLOQUE 4. PERCEPCIÓN GLOBAL DOS IMPACTOS		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, o concello prosperou	$\chi^2=17.991^{***}$	$\chi^2=2.232$
Globalmente, como consecuencia da existencia do camiño, nos últimos anos, a súa vida cotiá mellorou	$\chi^2=15.394^{***}$	$\chi^2=13.236^{***}$
Tendo en conta todos os efectos, para o concello, os beneficios son superiores aos costes	$\chi^2=11.892^{**}$	$\chi^2=1.775$
Globalmente, estou satisfeito coa xestión que as administracións fan do Camiño	$\chi^2=5.254$	$\chi^2=1.684$
PERCEPCIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO FUTURO DO CAMIÑO		
	Segmentación	
	Idade	Ingresos
O camiño debe ser un factor de desenvolvemento económico e social do concello	$\chi^2=6.591$	$\chi^2=5.608^*$
A sustentabilidade do Camiño (no concello) esta ameazada		
...pola baixa presenza de peregrinos	$\chi^2=6.540$	$\chi^2=1.553$
...pola dinámica demográfica e económica do propio concello	$\chi^2=0.447$	$\chi^2=1.262$
...pola falta de apoio das administracións publicas	$\chi^2=4.054$	$\chi^2=0.737$

Notación: *, ** e *** denotan niveis de significación do 10%, 5% e 1% respectivamente.

NORMAS PARA OS AUTORES

1. Para que un traballo sexa considerado para a súa publicación como Documento de Traballo debe ser presentado previamente no ciclo de seminarios do IDEGA, de forma presencial ou telemática. Os autores deben poñerse en contacto co IDEGA para valorar a súa idoneidade e fixar a data (mariadolores.tunas@usc.es).
2. Despois da presentación nun seminario, os autores enviarán os seus traballos por correo electrónico á dirección mariadolores.tunas@usc.es, en formato PDF e WORD, e axustándose ás normas de edición que se citan nos seguintes puntos, para que sexan remitidos aos editores.
3. Cada texto deberá ir precedido dunha páxina que conteña o título do traballo e o nome do autor(es), as súas filiacións, dirección, números de teléfono e correo electrónico. Así mesmo, farase constar o autor de contacto no caso de varios autores. Os agradecementos e mencións a axudas financeiras incluíranse nesta páxina, na que tamén se fará mención a que o traballo foi presentado no ciclo de seminarios do IDEGA. En páxina a parte, incluírase un breve resumo na lingua na que estea escrito o traballo e outro en inglés, dun máximo de 200 palabras, así como as palabras clave e a clasificación JEL.
4. A lista de referencias bibliográficas debe incluír soamente publicacións citadas no texto. As referencias irán ó final do artigo baixo o epígrafe Bibliografía, ordenadas alfabeticamente por autores e de acordo coa seguinte orde: Apelido, inicial do Nome, Ano de Publicación entre parénteses e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano, Título do Artigo (entre aspas) ou Libro (cursiva), Nome da Revista (cursiva) en caso de artigo de revista, Lugar de Publicación en caso de libro, Editorial en caso de libro, Número da Revista e Páxinas.
5. As notas irán numeradas correlativamente incluíndose o seu contido a pé de páxina e a espazo sinxelo.
6. Os cadros, gráficos, etc. irán inseridos no texto e numerados correlativamente incluíndo o seu título e fontes.
7. O IDEGA confirmará por correo electrónico ó autor de contacto a recepción de orixinais.
8. Para calquera consulta ou aclaración sobre a situación dos orixinais os autores poden dirixirse ó correo electrónico do punto 2.
9. No caso de publicar unha versión posterior do traballo nalgunha revista científica, os autores comprométese a citar ben na bibliografía, ben na nota de agradecementos, que unha versión anterior se publicou como documento de traballo do IDEGA.